

CIRCULAR INFORMATIVA.

De acordo cás disposicións das autoridades educativas que se teñen dado a coñecer o pasado día 7 de setembro, o grupo de Movementos Culturais e Artísticos informa que, de cara as vindeiras probas da PAU de 2026, atendendo as disposicións das autoridades educativas da obriga de axustar os contidos do currículo, salvo instrucións noutro sentido, á Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 423/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bachelerato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro que establecen a ordenación e o currículo de Bachelerato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 26 de setembro de 2022), terán as seguintes características:

Documentos que van a rexir a estrutura da proba:

1.- Documento 1.

Establécese a relación de conceptos, concorrentes co bloque 1 -Aspectos xerais-.

2.- Documento 2.

Dispónse unha selección das obras e súa identificación. Esta selección maioritariamente cubren o recollido nos bloques 1. -Aspectos xerais-, 2. -Natureza, arte e cultura-, 3. -A arte dentro da arte-, 4. -A arte nos espazos urbanos e 5. -Linguaxes artísticas contemporáneas-.

3. Documento 3.

Fíxase o listado de temas que figuran nos bloques: 2. -Natureza, arte e cultura-, 3. -A arte dentro da arte-, 4. -A arte nos espazos urbanos- e 5. -Linguaxes artísticas contemporáneas-.

A estrutura da proba se rexirá polo seguinte esquema:

A proba consta de **catro preguntas que o alumnado deberá de responder obrigatoriamente**. Cada unha das preguntas valorarase con 2.5 puntos.

1. A primeira pregunta será de conceptos a partir dun contexto visual e textual. **Esta pregunta non contará con optatividade** e o/a alumno/a deberá de definir un total de cinco termos.
 - a. Os conceptos estarán na lista recollida **no Documento 1**.

- b. Neste apartado o/a alumno/a poderá obter un máximo de 2,5 puntos (0.5 por concepto).
2. A segunda pregunta formularase do seguinte xeito: **Analice unha destas duas obras.**
- As láminas estarán recollidas na lista do **Documento 2**.
 - Neste apartado o/a alumno/a deberá realizar unha identificación da obra escollida, é dicir unha clasificación do título, autor, cronoloxía, estilo e movemento artístico ou cultural. Tamén deberá levar a cabo un encuadramento histórico-artístico-cultural e o análise e comentario da obra.
 - Nesta pregunta o/a alumno/a poderá obter un total de 2.5 puntos.
3. A terceira e cuarta pregunta será enunciada do seguinte xeito: **Responda um destes dous apartados: Sintetice un tema nun máximo de 400 palabras ou Identifique, encadre no contexto histórico-cultural e comente a seguinte obra.**
- Neste apartado o/a alumno/a deberá realizar un análise da obra proposta cos mesmos criterios que no caso da pregunta duas (Identificación da obra, Encuadramento histórico-artístico-cultural, Análise e comentario) ou sintetizar nun máximo de 400 palabras, un tema dos recollidos no **Documento 3**.

A estrutura do exame quedaría do seguinte xeito:

Conceptos a partir dun contexto (2,5 puntos, 0,5 por concepto).

Análise dunha obra atendendo a tres apartados (2.5 puntos):

- Identificación, título, autor, cronoloxía, estilo, movemento. (0,5 puntos).
- Encuadramento no contexto histórico-artístico e cultural. (1 punto).
- Análise formal, estilística e iconolóxica. (1 punto).

Análise dunha obra ou síntese do tema proposto (2.5 puntos).

Para calquera dúbida podedes contactar connigo.

Santiago de Compostela, a 1 de setembro de 2025.
Begoña Fernández Rodríguez (begona.fernandez@usc.es).